




\* **Ruta circular** que percorre **16 Km** pola serra da Capelada ( Mera e San Adrián)

\* **Dificultade media**, xa que hai un primer ascenso forte. Pódese completar comodamente nunhas 6 horas

\* Interese arqueolóxico, paisaxístico, botánico...

\* **Como chegar?** A 9,5 Km de Ortigueira dirección Ferrol chegamos a **Mera de abaixo**, onde tomamos a estrada da esquerda ata a **Illa do Mera** onde se atopa o panel de “inicio de ruta”



Seguindo os pasos dos celtas...




Polo Camiño da Mera



**Estás na túa casa!!**

- \* Non deixes no contorno o lixo e refugallos que produzas.
- \* Coidado co lume. Os incendios causan graves prexuízos no medio ambiente.
- \* Respecta as plantas e animais, xa que todos cumpren un importante papel na natureza.
- \* Non facer ruído é o mellor xeito de observar fauna en liberdade.
- \* E sobre todo, esquece as prásas, usa todos os sentidos, presta atención ás pequenas cousas e proba a visitar este espazo en distintas épocas do ano.

Vista da Ría de Ortigueira e Ladrido



Fundación Ortegalia  
Avda. Francisco Santiago 6-9 15.330 Ortigueira  
Telf. 981 402 413  
fundacion@ortegalia.es  
www.ortegalia.es

Deseño e fotos: Elisa G. Bande

“Terra moura das montañas!  
boa terra que das ágoa  
e tes ágoa nas entrañas”

Uxío Novoneyra



\*Mera: néboa baixa moi húmida



ORTEGALIA



ORTEGALIA



Concello de  
Ortigueira



DEPUTACION DA  
CORUÑA  
www.dicoruna.es

Seguindo os pasos dos celtas...  
polo Camiño da Mera\*



*Narcissus bulbocodium*



*Anemone nemorosa*



*Woodwardia radicans*



*Equisetum telmateia*

## A Flora

Varía moito en función da altitude e da humidade.

Mentres nas zonas máis altas predominan eucaliptos e piñeiros, nos pastizais poderemos ver xenciana, anémonas, narcisos, careixós ou quitamerendas e nos matos breixos, toxos e xestas.

Na ladeira dos montes persisten zonas de fraga con castiñeiros, carballos, sanguíños, acivros e nas ribeiras dos ríos atopamos frondosos bosques de salgueiros, abeleiras, ameneiros, espiños e bidueiros.

Sobresaen, nas zonas máis húmidas e sombrías, os equisetos e a gran variedade de fentos entre os que destacan algunhas reliquias da Era Terciaria como a *Woodwardia radicans*.

## O Percorrido e a Auga

A auga, en forma de río, ferverza, orballo ou néboa, marca a cadencia da nosa ruta.

Partimos da illa do río Mera, onde podemos deixar o coche. Atravesamos a illa e cruzamos a estrada AC-862, para comezar un forte ascenso remontando o río Vilaríño ata chegar ás proximidades do parque eólico de Coucepenido, onde veremos nacer o regato Pequeno.


Continuamos por unha pista asfaltada que nos ofrece unhas magníficas panorámicas da ría de Ortigueira e Ladrido. Aproximadamente á metade da ruta torceremos á dereita para tomar un camiño entre eucaliptais que nos leva ata o río Casón. Se camiñamos uns 200m pola súa frondosa beira poderemos contemplar unha das múltiples ferverzas que baten as súas augas.

Se cruzamos o río poderemos visitar o xacemento “Castelo do Casón”, fortaleza altomedieval que contaba cun importante sistema defensivo. Na actualidade apenas se poden apreciar as súas estruturas.

Tras ver a ferverza e o xacemento emprenderemos o descenso ata os lugares de O Casón e as Cascas, onde percorrерemos uns 3 Km por asfalto para retornar á illa do Mera.



Ferverza Camiño Novo



Río Casón

## A Fauna

Existe unha gran diversidade segundo as distintas unidades de vexetación.

Mentres nas zonas de mato e praderías é doado ver a víbora de Seoane ou a ra vermella, nos piñeirais veremos pequenas aves de bosque como o paporrubio, o tordo ou o ferreiriño.


Tamén abundan os corzos e xabaríns, aínda que estes últimos e o raposo son máis difíciles de ver. Os que si veremos serán os cabalos e o gando vacún pastando libremente pola serra.



Illa do Mera



Miradoiro en Coucepenido



*Viper seoanei*